

# BOLETÍN UVIGO/HUMANA



# BENVVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Responsabilidade Social e Cooperación [+ Info Direc.rsc@uvigo.es](mailto:Info.Direc.rsc@uvigo.es)

---

## A Universidade e a Axenda 2030 das Nacións Unidas

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en

contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible. [+Info](#)

# MAIO

"o mes do voluntariado"

L	M	MÉ	X	V	S	D
						<b>1</b> Día Mundial dos Traballadores
<b>2</b>	<b>3</b> Día Mundial da Liberdade de Prensa	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>7</b>	<b>8</b>
<b>9</b>	<b>10</b> Fin de prazo presentación proxectos ApS	<b>11</b> Mesa Redonda Mulleres Bravas	<b>12</b>	<b>13</b>	<b>14</b>	<b>15</b>
<b>16</b> Concerto Solidario pola Amazonía	<b>17</b>	<b>18</b>	<b>19</b>	<b>20</b> Xornada "Venres de Voluntariado"	<b>21</b>	<b>22</b> Día Mundial da Diversidade Biolóxica
<b>23</b>	<b>24</b>	<b>25</b>	<b>26</b>	<b>27</b>	<b>28</b>	<b>29</b>
<b>30</b>	<b>31</b> Día Mundial Sen Tabaco					

- **Xornada "Venres de Voluntariado"**: sesión virtual de introdución ós programas de voluntariado da UVigo. **Día 20/05/2022** ás 12h no campus remoto [+Info](#)
- **Fin de prazo para a presentación de Proxectos Aprendizaxe-Servizo (ApS)**: 10/05/22 [+Info](#)
- **Mesa Redonda Mulleres Bravas na economía social de Honduras e Galicia**: 11/07/22 ás 17h no Edificio Miralles do CUVI (aula 1) [+Info](#)

# CHAVES deste número

## O Voluntariado “Axentes do Cambio”

Este voluntariado propio da Universidade ven a dar continuidade ao Curso co mesmo nome impartido no mes de febreiro deste ano, un programa de carácter dual lanzado por vez primeira no 2019. Deste xeito, as persoas voluntarias, logo de recibir a devandita formación, desenvolven actividades entre o estudiantado, PDI e PAS ca fin de dar a Axenda 2030 entre a comunidade universitaria [+Info](#)



Imaxe do posto informativo no Campus Ourense, abril 2022.

## CURSOS E XORNADAS

---

### **Mesa Redonda Mulleres Bravas na economía social de Honduras e Galicia. EsF, Amigos da Terra e UVigo [+Info](#)**

Data: 11/05/22. Hora: 17h. Lugar: Edificio Miralles do CUVI (aula 1).

Visita de Francisca e Leni, mulleres hondureñas produtoras na economía social e sustentable que se atoparán nunha Mesa redonda ABERTA con outras mulleres bravas galegas do eido da economía social e sustentable (Horta do Cadaval, Aldea Coop e Espazocoop), dentro do curso Escola de Sustentabilidade e Cidadanía Global.

### **Xornada: Venres de Voluntariado. Uvigo [+Info e inscrición](#)**

Inicio: 20/05/2022. Fin 20/05/2022. Xornada virtual a través do campus remoto.

### **Un mundo desigual: Desafíos e compromisos no contexto da Axenda 2030. Manos Unidas e USC [+Info](#)**

Inicio: 14/06/2022. Fin: 16/06/2022. Presencial.

### **Introdución á Cooperación Internacional. Cruz Vermella [+Info](#)**

Inicio: 12/05/2022. Fin: 26/07/2022. Data límite de matriculación: 9/05/2022.

### **Participación cidadá e transformación social a través do voluntariado. Fundación Esplai [+Info](#)**

Inicio: 23/05/2022. Fin: 19/06/2022. Data límite de matriculación: 15/05/2022. En liña.

### **Mocidade contra o odio. Fundación Esplai [+Info](#)**

Inicio: 23/05/2022. Fin: 19/06/2022. Data límite de matriculación: 15/05/2022. En liña.

### **Laboratorio de deconstrución antirracista. Desirée Bela-Lobedde [+Info](#)**

En liña. Formación continua.

## SUXESTIÓNS

### A Proposta de Lei Orgánica contra o Racismo, a Discriminación Racial e formas conexas de intolerancia está en fase de consulta pública



©podermigrante.es 4/2022

De feito, a directora xeral de Igualdade de Trato e Diversidade Étnico Racial, Rita Bosaho, explicou que segundo unha enquisa realizada a persoas africanas e afrodescendentes en España, un 81% coincidiu en que unha lei sería unha medida efectiva para paliar a situación de desigualdade.

É por isto que colectivos de persoas racializadas están mobilizándose para elaborar propostas e comentarios respecto da nova Lei, no afán de facer chegar masivamente todas as súas reivindicacións. [+Info](#)

O Ministerio de Igualdade abre a consulta pública previa á elaboración da Lei contra o racismo, cun prazo que finaliza o vindeiro 10 de maio para que a cidadanía comparta as súas propostas arredor deste texto legislativo.

A Lei Orgánica contra Racismo, a Discriminación Racial e formas conexas de intolerancia pretende dar resposta as acuciantes desigualdades que existen entre as persoas brancas e as racializadas en España.



## CONVOCATORIAS E EVENTOS

---

### **Concurso Reacción polo Clima. Deputación de Pontevedra [+Info](#)**

Fin de prazo de presentación de solicitudes: 15/05/2022

### **¿Y mañana? Concurso europeo de fotografía 2022 [+Info](#)**

Fin de prazo de presentación de solicitudes: 8/05/2022

### **IV Concurso de Cómic “La Cooperación Sí que importa” [+Info](#)**

Inscripcións: do 7/03/2022 ao 31/05/2022

### **VI Premios Provinciais á Xuventude. Deputación de Pontevedra [+Info](#)**

Fin de prazo de presentación de solicitudes: 15/05/2022

### **Convocatoria de colaboradoras Utópicas [+Info](#)**

Fin de prazo de presentación de solicitudes: 11/05/2022

### **Convocatoria Ayudas Injuve para la Creación Joven 2022 [+Info](#)**

Fin de prazo de presentación de solicitudes: 10/05/2022

### **Concerto solidario pola Amazonía. Entreculturas [+Info](#)**

La Fábrica de Chocolate (Vigo). 16/05/2022. 21:00h

## COÑECE AS ENTIDADES SOCIAIS DA NOSA CONTORNA #2

O Foro Socioeducativo “Os Ninguéns” é unha organización social radicada en Vigo que foi galardoada o ano 2019 co Premio Consello Social UVigo-Humana.

Naquela ocasión foron premiados polo seu traballo a pé de rúa, tarefa coa que contribúen a visibilizar a realidade das persoas máis empobrecidas, vulnerables e excluídas.

Á hora de concederlle o devandito premio, a comisión tamén valorou o activismo transformador e assembleario dos Ninguéns no ámbito sociopolítico que, exercido por un grupo variado de profesionais xunto á cidadanía, traballa coas persoas empobrecidas nun plano de igualdade e denuncia da súa situación e sempre na busca de solución [+Info](#)



## PODCASTS COMPROMETIDOS



© Carne Cruda, 2015. Yehuda Shaul, co-fundador de “Breaking the silence”.

**Yehuda Shaul: “O castigo colectivo é a esencia do que facemos en Palestina” (Carne Cruda) [+Info](#)**

**ESFRadio. Un tema de ESFGalicia: A terra non se vende, deféndese! Mulleres Bravas [+Info](#)**

[+Info](#)

**O valor de ser defensora de Dereitos Humanos (Amnistía Internacional) [+Info](#)**



## NOVAS DO DUVI

---

Os produtos innovadores ideados polo alumnado abren a programación de 'Culturkata 2022'

[+Info](#)

Estudantes da EE de Telecomunicación compiten para deseñar a cidade do futuro [+Info](#)

As XIX Xornadas Interxeracionais volven apostar pola convivencia entre persoas de diferentes idades e capacidades [+Info](#)

Alumnado de Educación Social organizou unha xornada de troco [+Info](#)

Arrancan as accións de difusión para facer do campus un espazo sen fume [+Info](#)

Un obradoiro permite dar unha "segunda vida" á roupa do alumnado de Ciencias da Educación e do Deporte [+Info](#)

A Semana da Creatividade e a Innovación arranca achegando pautas para unha vida cotiá máis sostible [+Info](#)

## NOVAS

---

Presentación do Informe 2022 de Oxfam Intermon [+Info](#)

A decisión do Goberno sobre o Sáhara é contraria ao dereito internacional [+Info](#)

A Coordinadora Galega de ONGDs renuncia a executar o programa municipal Compostela + Solidaria "por coherencia" [+Info](#)

A viaxe dos ucranianos sen destino [+Info](#)

A Axuda ao Desenvolvemento, lonxe do compromiso do 0,7% [+Info](#)

España incrementará en máis de 16 millóns a súa axuda humanitaria para Afganistán [+Info](#)

Falar de Palestina co espello de Ucraína [+Info](#)

## VOLUNTARIADO E PRÁCTICAS PROFESIONAIS

### Programas de voluntariado para o alumnado da Universidade de Vigo

Os membros da nosa comunidade universitaria poden participar en proxectos de voluntariado mediante unha entidade de acción voluntaria.

Como alumnado tes dereito ao recoñecemento de créditos ECTS por compartir horas do teu tempo. Podes validar 30 horas de voluntariado por 1 crédito ECTS. [+Info](#)

### Venres de Voluntariado [+Info](#)

O próximo día 20 de maio inauguramos os "Venres de Voluntariado"; unha sesión de promoción dos programas dispoñibles para o estudiantado da UVigo. A sesión, que terá carácter virtual e se realizará a través do campus remoto, consistirá nunha serie de intervencións

breves nas que as persoas encargadas dos programas e mais unha voluntaria expresen os contidos dos mesmos e compartan a súa experiencia en primeira persoa.



## NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS

---

### **Docencia e investigación para el cumplimiento de la Agenda 2030 : memoria académica curso 2020-2021 [+Info](#)**

Cátedra Iberdrola de Ética Económica y Empresarial, editores: Abel Monfort de Bedoya, Nuria Villagra García/ Madrid: Universidad Pontificia Comillas, [2021]

### **Ética y gestión de la sostenibilidad para la nueva década : cumplimiento de la Agenda 2030 y consecuencias de la crisis sanitaria : memoria académica, curso 2019-2020 [+Info](#)**

Editores, Abel Monfort de Bedoya, Nuria Villagra García/Madrid: Universidad Pontificia Comillas, Servicio de Publicaciones, 2020

## RECURSOS

---

### **Catálogo de publicacións da Coordinadora Galega de ONGD [+Info](#)**

### **Catálogo de publicacións de Cooperación Española [+Info](#)**

### **Catálogo de publicacións de Cooperación Española [+Info](#)**

### **Publicacións da asociación Provivienda [+Info](#)**

### **Publicacións de Enxeñería Sen Fronteiras [+Info](#)**